MACROGRANXAS. A industrialización alimentaria é incompatíbel ca vida ▸ 4

LEITE. A Consellaría confirma que os custos de produción superan os 40 céntimos ▸ 7

ESPAÑA FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano IL Nº 337 - Marzo 2022

X CONGRESO DO SLG: A VIDA DAS PERSOAS E DO PLANETA NO CENTRO



O tempo deunos a razón. O dereito dos pobos a garantir a súa propia alimentación, en base a un modelo que coide das persoas e da natureza, é esencial. Precisamos o establecemento de dinámicas produtivas e de consumo que poñan fin á depencia de insumos externos nunha cuestión imprescindíbel para a Vida como é a alimentación. Soberanía Alimentaria a través da Agroecoloxia, situar a Vida das persoas e do planeta no centro das políticas socioeconómicas. O Sindicato Labrego Galego vén realizando estas propostas dende fai décadas. No noso X Congreso reinvindicámonos como a principal ferramenta para convertelas en realidade. ▸ 3

8M: Feminismo contra o patriarcado e o capital ▸ 16



sindicato labrego galego
comisións labregas

VACÚN DE CARNE
Ternera Gallega Suprema supera a produción de Ternera Gallega na IXP ▸ 6

MORATORIA EÓLICA
Campaña na defensa das Reservas da Biosfera ▸ 8

X XORNADAS DE GRANXAS ABERTAS
Partillando sabedorías labregas na Ulloa ▸ 9

AXUDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2022
Agroambiente e clima,
Xestión sustentábel de pastos,
Extensificación de vacún de leite,
Agricultura ecolóxica,
Gandaría ecolóxica,
Apicultura ecolóxica
▸ 10, 11, 12, 13

EDITORIAL

A VIDA DAS PERSOAS E DO PLANETA NO CENTRO: X Congreso do SLG-CCLL

O pasado 12 de decembro celebramos o noso X Congreso. Baixo o lema "Máis labregas, mellores alimentos. A vida das persoas e do planeta no centro", xuntámonos en Vilalba (Lugo) para celebrar case cinco décadas loitando xuntas e xuntos polo dereito a unha alimentación sá e de calidade, en mans das labregas e labregos, en base ao modelo agroecolóxico e co obxectivo de acadar a Soberanía Alimentaria do noso pobo.

O encontro estivo marcado por apelacións aos grandes retos mundiais a nivel estrutural que estamos a afrontar na actualidade. As carencias e desigualdades crecentes que se están a expandir nas nosas sociedades obrígannos a priorizar as cuestións verdadeiramente esenciais: o coidado da vida das persoas e do planeta.

A xestión da crise da COVID-19 confirmou unha das máximas do SLG: a produción de alimentos é unha actividade esencial que non pode ser secuestrada da man dos pobos, que non pode ser agasallada ás grandes multinacionais que só teñen o seu propio beneficio como obxectivo final. A dependencia a nivel alimentario, sexa tanto dos alimentos para as persoas como da alimentación para os nosos animais, é un suicidio como sociedade, como pobo.

Non podemos permitir que se siga favorecendo un modelo de negocio que socava os dereitos humanos e sociais. Non podemos permitir que, ante unha situación como a que vivimos durante o confinamento no 2020, as administracións públicas nos impidan ir ás nosas leiras, coidar aos nosos animais, ou pechen os mercados labregos mentras fomentan o consumo masificado nas grandes e medianas superficies comerciais, ao tempo que seguen fomentando a concentración intensiva do gando.

Reiteramos ademais a responsabilidade do Goberno galego e estatal na destrución do modelo labrego e no aceleramento do despoboamento rural. A aprobación dunha Lei da Cadea Alimentaria que segue sen impedir a venda por embaixo de custos, o deseño dunha nova PAC ao servizo da agroindustria, ou a limitación de dereitos tan fundamentais para a cidadanía como é o da participación, son exemplos concretos de como se está a dificultar a supervivencia das labregas e labregos da Galiza.

Denunciamos e facémonos inda máis fortes na crítica e confrontación do modelo agroindustrial neoliberal, baseado na deslocalización das producións e no seu posterior desprazamento a centos ou milleiros de quilómetros até as áreas onde se atopa a poboación consumidora. Este modelo esquilma recursos naturais e debilita a soberanía dos pobos, acrecentando a súa dependencia de dinámicas comerciais que en absoluto respectan o máis mínimo o dereito á alimentación.

Que haxa moitos labregos e labregas é unha cuestión fundamental. Nós non producimos calquera produto, queremos producir alimentos saudábeis e nutritivos e que coiden a terra. O que defendemos está máis vixente ca nunca, e precisamos máis que nunca unha ferramenta para defendernos. Esa ferramenta é o Sindicato Labrego Galego. Facendo nosas as palabras de Manuel María: "a Galiza labrega é a nosa bandeira, a Galiza labrega é a nosa patria".

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓNS
Ana Rodríguez Vázquez, Isabel Vilalba Seivane e Margarida Prieto Ledo

PECHE DE EDICIÓN 15-03-2022

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000
AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

X CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO ▸ Reafirmámonos como ferramenta de loita polos dereitos labregos e sociais. Facemos nosas as palabras de Manuel María: A Galiza labrega é a nosa bandeira, a Galiza labrega é a nosa patria.

Máis labregas, mellores alimentos

O pasado 12 de decembro celebramos o noso X Congreso en Vilalba. A gandeira de Lourenzá (Lugo) Isabel Vilalba Seivane, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas dende o ano 2012, foi reelixida no seu cargo para o novo período, ficando renovados tamén os órganos de dirección sindical, e elixidas as persoas que integrarán a Dirección e Executiva Nacional.



A gandeira luguesa Isabel Vilalba Seivane, Secretaria Xeral do SLG , durante o peche do X Congreso celebrado en Vilalba.

Logo da benvida e acreditacións, foron presentados os informes político-sindicais dos sectores do viño, carne, leite e vexetais.
Seguidamente expuxéronse as análises e propostas da mocidade, a Secretaría das Mulleres, a Secretaría de Persoas Xubiladas e en materia de agroecoloxía.
Tra-lo debate e votación de emendas aos relatorios político e sindical, foron presentadas as persoas integrantes da nova Dirección Nacional e da Executiva Nacional. Ao longo do día recibimos tamén unhas palabras vía vídeo de Morgan Odry, Secretaria Operativa Internacional do movemento agrario mundial La Vía Campesina, do que formamos parte dende a súa creación no ano 1993. Tamén as felicitacións de Isa Álvarez, Vicepresidenta de la red Urgenci Internacional de Agricultura Sostenida, e saúdos de organizacións sociais e institucións a nives internaciona, estatal e galego.
"No ano 2023 o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas cumprirá 50 anos de loita, e nun día tan especial como o de hoxe queremos subliñar que a afiliación é o verdadeiro motor deste proxecto, desta loita", afirmou Vilalba. "A afiliación é o corazón e o corpo da nosa organización, porque están no día a día, pero sobre todo por producir alimentos, coidar o territorio e transmitir o coñecemento e cultura labrega".
A reelixida Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, concluíu o X Congreso reivindicando a soberanía na toma de decisións, a democracia e a solidariedade con todas as persoas labregas e traballadoras do mundo como compoñentes esenciais do accionar do Sindcato Labrego Galego, demandando o recoñecemento da alimentación como un dereito humano.



Olga Otero, afiliada dende os anos 80: "As labregas e labregos xubilados queremos seguir activas sindicalmente e seguir loitando polos nosos dereitos, por iso nos organizamos na Secretaría das Persoas Xubiladas".



María Ferreiro, Responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, deu conta da multitude de loitas feministas nas que participa o Sindicato Labrego Galego: "A loita global e local ten que ser feminista".


A labrega Ana Eiras durante o relatorio do sector da horta: "Loitamos por ter unha renda que nos permita vivir e progresar cos nosos traballos. Queremos vivir do noso traballo e alimentar a nosa sociedade".


Xosé María Villaverde, membro da Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, destacou a importancia do traballo realizado na defensa daAgroecoloxía, a SoberaníaAlimentaria e os Bens Comúns.

Dende o SLG reiteramos que a produción agroindustrial é incompatíbel con un medio rural vivo. Ou un modelo de moitas pequenas explotacións en extensivo, producindo sostíbelmente e poboando o territorio, ou macrogranxas intensivas amoreando animais e devorando a biodiversidade de extensións de terra baleiradas das persoas que as habitaban e traballaban, afastando os alimentos saudábeis do alcance das persoas e acrecentando a nosa dependencia de dinámicas comerciais que en absoluto respectan o máis mínimo o dereito a alimentación.

As macrogranxas son absolutamente incompatibles con un medio rural vivo

As labregas e labregos, e a sociedade galega, témolo claro: as macrogranxas non son o modelo produtivo que queremos na nosa terra. Na Galiza a media de vacas por granxa son 18 (2021), e o 90% dos cebadoiros teñen unha pequena dimensión para este tipo de instalacións e un funcionamento a escala familiar, sendo o modelo maioritario a gandeiría tradicional con terra. Abondarían 23 macrogranxas como a que se pretende construir en Noviercas (Soria) -de 23.500 vacas-, para destruír as 29.282 granxas de bovino que traballan actualmente no noso país.

A produción intensiva de carne en macrogranxas reduce biodiversidade, contamina solos e augas, acelera o despoboamento das zonas rurais e presenta un produto final ás persoas consumidoras que obvia por completo o benestar animal, elaborado en base ao emprego intesivo de antibióticos, fertilizantes e unha ampla gama de produtos químicos con forte impacto contaminante.

A contaminación de augas por nitratos asociada aos puríns da gandeiría industrial sen terra, como os producidos pola multitude de veces sancionada macrogranxa de Caparroso (Navarra), ou instalacións similares en Aragón ou Lleida, representa un grave perigo para a veciñanza, e é preciso adoptar medidas con urxencia. A recente contaminación extrema do Mar Menor (Murcia), derivada da eutrofización por



Finca da Limia empregada para desfacerse de purín procedente das macrogranxas da comarca

actividade agraria intensiva, evidenciou fai poucos meses esta alarmante realidade a nivel estatal. Na Galiza, un estudo realizado pola Universidade de Vigo (2020) aplicado á comarca da Limia (Ourense) concluíu que tres fontes naturais e máis da metade dos pozos analizados presentan contaminación por nitratos atribuíbeis á agricultura e gandaría intensivas, excedendo ademais algunhas mostras o límite legal permitido para outros elementos e compostos.

A situación é tan alarmante que o Estado español, primeiro produtor de porcino a nivel europeo -e en aumento-, ten aberto dende o ano 2018 un expediente por incumprir a normativa comunitaria fronte á contaminación por nitratos procedentes da actividade agraria, e en novembro do ano pasado a Comisión Europea anunciou a súa denuncia diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Os impactos social e medioambientalmente negativos da produción industrial de alimentos veñen sendo constatados científicamente nas últimas décadas.

Mención a parte merecerían crises mundiais específicamente xeradas pola cría industrial de gando, como a das Vacas Tolas (2000), a Gripe Aviar (2004-2006) ou a Gripe Porcina (2009-2010). Ou a xa fondamente estudada relación entre a alimentación agroindustrial e procesada e o aumento dos casos e tipos de cancro. Cantas máis macrogranxas, menos granxas familiares. Cantas menos granxas familiares, máis despoboamento e maiores extensións de terra fican ás expensas deste tipo de produción esquilmadora que arrasa cos recursos naturais. En resumo, cantas máis macrogranxas, menos vida.

Reiteramos: a produción maioritaria de carne de bovino e de ovino na Galiza é en extensivo, e a totalidade da produción con razas autóctonas. Este é o modelo que cómpre protexer e promocionar.

Demandamos responsabilidade política -e mediática-, non ceder ante a influencia dun sector tan poderoso como é o cárnico industrial a nivel do Estado español, e apostar por unha produción de carne de calidade, como son a inmensa maioría de granxas galegas, impedindo con contundencia a expansión do lesivo modelo de macroexplotacións intensivas e fábricas de alimentos.

Expresamos a nosa solidariedade co pobo ucraíno dende a Coordenadora Europea Vía Campesina

A Coordinadora Europea Vía Campesina, como organización de base europea que reúne a 31 organizacións de agricultores, traballadores/as agrícolas e poboación rural con sede en 21 países europeos, e da que o SLG-CCLL forma parte dende a súa constitución no ano 1993, expresa a súa máis fonda solidariedade co pobo ucraíno e pide un estrito respecto aos dereitos humanos. Pedimos o cesamento inmediato da acción militar. Non queremos ser peóns en mans dun xogo xeoestratéxico que non ten en conta os intereses dos pobos. Queremos paz e democracia. Xa son decenas de miles as persoas refuxiadas que foxen de Ucraína cara aos países veciños. Participaremos sempre que poidamos na promoción e organización dunha acollida digna para todas as persoas refuxiadas. Facemos un chamamento ás nosas organizacións membro e aliadas para que alcen a voz e amosen a súa solidariedade para esixir o fin de todas as guerras e atopar unha solución pacífica. Estamos cas labregas/os e outras persoas que viven no rural e no urbano e que seguen resistindo na defensa dos dereitos humanos. Terra para agricultura, non para bombardeo. Unidas pola paz! Paz en todo o mundo!

Chamamos ao boicot dos produtos LACTALIS-PULEVA

A multinacional francesa Lactalis-Puleva é a empresa do sector lácteo que máis factura na UE, cunhas vendas de 1.200 millóns de euros. Nas fábricas de Vilalba e Nadela facturou 547 millóns no ano 2018. Recolle máis do 20% do leite producido na Galiza -arredor de 1.500 granxas galegas-, e encabeza a lista de industrias que se negan a remunerar ás granxas cun prezo que cubra os custos de produción. Dende novembro do pasado ano mantemos activa unha campaña de boicot ás súas marcas comerciais.

A actual cadea alimentaria é unha soga ao pescozo do sector leiteiro galego. Existe unha perigosa desproporción entre o poder das industrias e superficies comerciais en relación ás persoas que producen o leite. Esta situación inxusta ten como consecuencia que os impactos negativos do proceso produtivo -nomeadamente o aumento de custos- sexan sempre dirixidos contra o elo máis débil da cadea: as pequenas e medianas granxas que dan vida ao medio rural galego. Esta irregularidade ten que ser afrontada xa. O prezo do leite no supermercado subiu, e seguirá subindo, pero ás persoas gandeiras non nos subiron practicamente nada desa subida que sufrimos como consumidoras. Empresas como Lactalis están acaparando o valor engadido do traballo das granxas de leite. Provoca así a destrución do tecido produtivo



Inicio da campaña de boicot Lactalis-Puleva en Lugo.

galego, forzando a ruína de milleiros de granxas galegas, especialmente as máis pequenas, que son as máis beneficiosas en canto a fixación de poboación. Iniciamos a campaña de boicot nunha área comercial da cidade de Lugo, informando e solicitando o apoio da cidadanía non mercando marcas como El Ventero ou RAM.

Mocións de apoio

Rexistramos tamén mocións de apoio ao sector nos concellos onte a produción leiteira é moi significativa. Comezamos por Arzúa, Chantada e tamén tódolos concellos da comarca do Deza-Tabeirós.

Denunciamos a imposición da lexislación urbana no medio rural

O SLG manifestou publicamente a súa desconformidade ca ordenanza aprobada polo concello ourensán Castrelo do Val que establece restricións ao paso, estancia e tránsito do gando polo casco urbano.

É moi alarmante que dende un Concello rural se promulguen normas que van na contra das actividades que tradicionalmente se desenvolveron nel, tratando o gando como se fosen animais domésticos e o núcleo rural como o centro dunha cidade. Segundo esta normativa, non recoller os excrementos das vacas ou das ovellas que atravesen polo núcleo de Castrelo do Val pode acarrear multas de entre 750€ e 1.500€. Este tipo de trabas e penalizacións económicas son absurdas para o contexto no que se aplican, e non fan senón dificultar inda máis a supervivencia das actividades gandeiras, contribuíndo a eliminaras actividades que axudan a frear o despoboamento do medio rural.

Alegamos contra a discriminación das granxas galegas no RD para a nutrición sostíbel nos solos agrarios

O Ministerio segue discriminando ás granxas con terra -precisamente as que teñen a verdadeira capacidade de xestionar correctamente os xurros e estercos que producen-, aplicándolle as mesmas obrigas que ás gandarías de modelo intensivo e industrializado, verdadeiras responsables da contaminación producida por xurros e estercos. Dentro da nova normativa da PAC o Estado español fai obrigatorio o cumprimento do proxecto de Real Decreto para a Nutrición Sostíbel coa inclusión para o cobro da PAC de máis burocracia, custos e esixencias dentro da condicionalidade reforzada. Esta decisión supón un agravio para as granxas galegas, especialmente para aquelas que fan manexos sustentables extensivos, en comparación cas granxas do resto de Europa.

Facendo gala dun total descoñecemento da diversidade agraria da península, o Ministerio pretende, unha vez máis, regular de igual xeito para todo o Estado sobre unha problemática que no noso país, e na cornixa cantábrica, é mínimo. De feito, grazas á paisaxe en mosaico herdada, na Galiza, principal zona produtora de leite do Estado e unha das máis importantes da UE, dadas as condicións de manexo e de ordenación do territorio apenas existen problemas de contaminación de augas por nitratos, que si son verdadeiramente importantes noutras zonas do Estado español.

Precisamos o establecemento de programas rigorosos de xestión e control da fertilización nas zonas mais vulnerables á contaminación, pero é absolutamente contraproducente xeneralizar o problema.

COMERCIALIZACIÓN DE CARNE ▸ Ternera Gallega

Estanse sacrificando moitas reses fóra do CR, incluso metendo carne doutras rexións

En Ternera Gallega avogan por incidir na promoción da Tenreira Galega Suprema por riba da Tenreira Galega, á par que procuran exercer presión na industria da distribución para que a marxe de ganancia da persoa que produce sexa maior. Falamos con Adolfo Cabarcos, vogal do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas en Ternera Gallega.

O Consello Regulador está composto por 16 persoas: 8 forman parte da produción -5 adícanse á produción tradicional e 3 traballan nos cebadeiros- e 6 na industria -con persoal responsable dos matadoiros e da distribución-.

No contexto da produción de Ternera Gallega (TG), hai que ter en conta dúas ideas clave de cara á súa comercialización: promover o produto e facer presión na industria para que mellore as condicións das persoas produtoras. En canto á distribución, cómpre que non poña no mercado "macro ofertas" de tenreira galega, xa que o único que logran é tirar polos prezos abaixo.

Moitas veces non diferenciamos, como persoas consumidoras, entre tenreira galega e Tenreira Galega Suprema (TGS). Na IXP estase comercializando máis Ternera Galega Suprema que TG. Levan arredor de 2 anos coa venda do 52% ou 53% de Suprema. Mais destacan a falta que hai de tenreira Suprema nas granxas en determinados momentos do ano de maior consumo.

Sendo conscientes de que a venda a baixo custo afecta á produción, desde o SLG defendemos que ten que haber un incremento de prezos nas granxas, aínda máis nos momentos de custos de produción que estamos vivindo. As mudanzas nos prezos de venda e comercialización dos produtos son máis que precisas, con todo deben facerse a curto-medio-longo prazo.



Adolfo Cabarcos Saavedra, vogal do SLG-CCLL en Ternera Gallega.

Hai que ter coidado que as fortes subidas a curto prazo non diminuían o consumo de carne de TG.

Na produción agraria, como en toda actividade que se exerza cun fin económico e social, incídese en grande medida no prezo. O importe monetario é fundamental, mais no contexto de cada granxa, máis que de prezo deberiamos falar de renda. Na renda das granxas, ademais do prezo, inflúen outros factores como, por exemplo, posuír a terra suficiente para poder producir cun custo máis baixo, ter un control da fauna salvaxe e facer presión no tema comercial, que tan relevante é para obter unhas condicións dignas de traballo.

Cada detalle que afecte á produción pode diminuír o rendemento. No SLG defendemos que se poñan en riba da mesa todas as condicións para favorecer a venda das persoas produtoras directamente ás persoas consumidoras, para ter normativas hixiénico sanitarias máis adaptadas ás granxas, unha fiscalidade que favoreza esta venda directa, aproveitar a compra pública para comedores, hospitais, etc., e para axudar ao propio sector.

Dentro do vacún maior estanse sacrificando moitas reses fóra do consello regulador, incluso metendo carne doutras rexións.

É moi importante que se acaben con estes enganos ás persoas consumidoras. Cómpre que haxa total garantía de que o que compran é Tenreira Galega Suprema e de producións extensivas, e que se visibilice que unha produción de alimentos saudábeis ten impactos moi positivos a nivel ambiental e de xestión do territorio.

Asembleas no sector vacún de carne

Arredor dun cento de gandeiros/as do sector vacún de carne participaron na asemblea convocada en decembro polo SLG en Lugo para analizar a situación do sector e demandar un apoio real por parte da Consellaría. Logo concentrámonos diante das instalacións da Xunta de Galicia para visibilizar a crítica do sector ante o desleixo e abandono da Administración pública. En xaneiro participamos na elaboración da estratexia de dinamización do sector cárnico coordinada pola Fundación Juana de Vega e dende febreiro estamos convocando asembleas comarcais, celebradas xa en Montederramo, Curtis e As Pontes, sumando forzas para demandar medidas urxentes para ás máis de 19.000 granxas, na maioría dos casos familiares, que dan vida ao noso rural.



Mobilización fronte aos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Lugo o 20 de decembro.


SECTOR LÁCTEO. CUSTOS DE PRODUCIÓN ▸ As organizacións agrarias asumen a táboa reivindicativa do Sindicato Labrego e acudimos conxuntamente ás xuntanzas ca Consellaría

Medio Rural confirma que os custes de produción xa superan os 40 cts. por litro

Representantes do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), participamos canda outras organizacións agrarias en varias xuntanzas co conselleiro de medio rural, José González Vázquez, para abordar a activación urxente de medidas que poñan fin á venda a perdas á que o vacún de carne e de leite vén facendo fronte dende fai meses.

O conselleiro informou dun aumento de custos de produción no leite que chega aos 40 cts./l., confirmándonos o que xa sabiamos, é dicir, que actualmente as empresas están a pagar o leite por embaixo de custos de produción, incumprindo polo tanto a Lei da Cadea Alimentaria. Tamén nas ganderías de carne galegas houbo un significativo aumento de custos, que o conselleiro calcula en 75 ctmos/kg, cuns prezos completamente estancados ou máis baixos.

Este grave problema estase incrementando moito neste primeiro semestre de 2022. Se o ano pasado o gasóleo, o penso ou a enerxía subiron de xeito pronunciado, este ano vano seguir facendo en porcentaxes moito maiores, ao cal temos que sumar os incremento dos fertilizantes, dos plásticos e doutros produtos usados nas ganderías, con prezos nunca vistos.



Datos recollidos no Informe sobre o aumento de custos de produción no sector de vacún de leite en Galicia achegado pola Consellaría no mes de febreiro.

En Europa o prezo medio do litro de leite en xaneiro ascendeu a 41,79 cts/l., segundo os datos do Observatorio do Sector Lácteo, cunha suba neste último ano de 6,44 cts no prezo do litro de leite nos últimos doce meses. En contraposición, no Estado español, segundo eses mesmos datos o prezo en xaneiro foi 35,34 litro, e só se produciu unha suba de 2,33 cts. nos últimos doce meses.

Descoñecemos os motivos, pero o Estado español e Portugal, pero a nivel da UE equiparámonos en prezo pagado ao sector produtor con Eslovenia, Eslovaquia, Hungría. Incluso Estados como Bulgaria., a República Checa ou Estonia teñen os prezos do leite máis altos que España. Se dentro do Estado español na Galiza temos un diferencial en torno aos dous céntimos, debemos estar entre as rexións produtoras de leite cuns prezos máis baixos de todo o territorio comunitario.

Precisamos índices de custos de produción oficiais, periódicos e públicos

No caso da Galiza estamos falando de prezos que, en moitos casos, non chegan aos 35 cts. coas primas, e en decembro temos moitas gandeiras/os con prezos finais sen IVE de 32,9 cts./l., 33,2 cts./l. etc.

Precisamos subas imediatas de prezo nas granxas e que a Consellaría do Medio Rural cumpla ca súa responsabilidade de proporcionar índices oficiais públicos de custos de produción e prezos, e así llo trasladamos ao conselleiro, canda a necesidade de convocar urxentemente unha Mesa do Leite ou mesa de traballo onde estean representadas todas as partes para facer valer a aplicación destes índices e pór fin a unha situación que está a estrangular as granxas galegas.

Esiximos ao Ministerio que faga cumprir a Lei da Cadea e vixíe de preto á grande distribución

No mes de febreiro subscribimos canda as outras organizacións un documento dirixido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para trasladar algunhas das medidas de necesaria urxente activación. Esta interlocución foi precedida dunha xuntanza en Madrid en novembro do pasado ano co Secretario Xeral de Agricultura e Alimentación, Fernando Miranda Sotillos, na que a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, esixiu canda representantes doutras organizacións agrarias do Estado medidas inmediatas de apoio ao sector leiteiro.Insistimos ao Ministerio na necesidade de que sexan establecidos por lei mecanismos para contar con índices oficiais de custos de produción e a súa evolución, e cun sistema de mediación de contratos agrarios e gandeiros, ámbalas medidas aplicadas a nivel de cada comunidade autónoma; así como actuacións inmediatas diante de calquera vulneración da Lei da Cadea Alimentaria, nomeadamente os pago do leite a prezos por embaixo de custos de produción. Pedimos tamén que se esixa o cumprimento da Lei por parte da grande distribución, vixiando que os prezos de venda ao público non desequilibren a cadea e permitan cubrir custos de produción e remunerar o traballo. Son os Gobernos estatal e galego os que teñen a obrigatoriedade de facer garantir a inclusión das subas de custos de produción e a prohibición de prezos que supoñan para o sector produtor a venda a perdas.

82 solicitudes de moratoria eólica nos concellos das Reservas da Biosfera galegas

A raíz das indicencias rexistradas polo SLG, persoas a título individual e outros colectivos galegos, o Comité Español do Programa MaB da UNESCO, vinculado ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aprobou realizar a nivel de todo o Estado un informe sobre as incidencias dos parques eólicos nas Reservas de Biosfera e un estudo sobre a viabilidade das instalacións eólicas, fotovoltaicas e termo solares. A tenor desta decisión, dende a Alianza Enerxía e Territorio (ALIENTE) lanzamos unha campaña a prol da moratoria das instalacións eólicas nas Reservas da península.



Margarida Prieto Ledo, vogal do SLG-CCLL na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Na Galiza, xa no pasado mes de decembro, a representante do SLG na Rede Galega Stop Eólicos (RGSE), Margarida Prieto Ledo, interveu durante a sesión do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño para instar ao seu Órgano Xestor a solicitar unha moratoria á Administración galega e estatal á hora de emitir as Declaracións de Impacto ambiental sobre os proxectos industriais en tramitación dentro das Reservas de Biosfera (RB). O obxectivo é que agarden, como mínimo, até que sexan publicadas as conclusións dos citados estudos solicitados polo Comité do Programa MaB.

Desde o SLG, procurando acadar o compromiso das administracións públicas de non aceptar máis parques eólicos até que sexan realizados estes informes, actuamos a través da campaña lanzada dende ALIENTE rexistrando 82 solicitudes de adhesión dirixidas aos concellos.

Para a RB Terras do Miño, a solicitude de moratoria foi dirixida a un total de 26 concellos. Na RB Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, foi conducida a estes tres últimos. En canto á Reserva Transfronteiriza Gêres-Xurés, chegamos a Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños na Galiza. Na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, remitimos a solicitude a 17 concellos. No caso da RB Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel rexistramos 23 concellos. Por último, na RB Río Eo, Oscos y Terras de Burón fixémola chegar aos 14 municipios distribuídos entre Lugo e Asturias -sete na Galiza-.

Tendo en conta tan só os aeroxeradores en funcionamento, sen contabilizar a totalidade dos parques nin zonas limítrofes, están instalados xa 46 muíños na RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo -6 novos parques están en tramitación e 2 en fase previa-. Na RB Terras do Miño hai xa 931 aeroxeneradores funcionando, 158 en tramitación e 63 en fase previa.

Na RB Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá hai 56 aeroxeradores en tramitación. Na Reserva Transfronteiriza Gêres-Xurés hai 19 aeroxeradores en funcionamento e 19 máis en tramitación. Na RB Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel están instalados xa 128 aeroxeradores, e na RB Río Eo, Oscos y Terras de Burón, 116.

As Reservas da Biosfera galegas xa están anegadas a día de hoxe con perto de 1.300 aeroxeradores propiedade de empresas enerxéticas, e hai varios centos máis en tramitación. Por iso, alentamos a unir forzas nesta campaña de defensa das RB para facer fronte ao espolio enerxético que a Xunta de Galicia vén fomentando nestes anos a través do favorecemento administrativo específico da instalación deste tipo de proxectos, nomeadamente empregando a polémica Lei de Fomento Empresarial (2017) e a Lei de Simplificación Administrativa (2021), coñecidas como "as leis de depredación".

Bloqueo da Conselleira de medioambiente á votación dunha moratoria eólica

O vogal do SLG-CCLL no Consello Galego de Medio Ambente e Desenvolvemento Sosíbel (COGAMADS), Diego Sánchez Agra, solicitou a votación du "Acordo" de paralización dos informes e concesións de parques eólicos até que o Plan Sectorial Eólico de Galicia (1997) sexa revisado e sometido a avaliación. Esta posición instaría tamén ao establecemento de criterios de avaliación que eviten o fraccionamento dos proxectos, e promover un cambio na lexislación para a mellor protección da cidadanía, o medio ambiente e o patrimonio, e apelando á necesidade de derogar as Leis de Depredación (5/2017 e 9/2021). A Conselleira Ángeles Vázquez deu por finalizada precipadamente a xuntanza, impedindo a votación e sen tan sequera finalizar a orde do día. O SLG e outras organizacións sociais manifestamos nese mesmo momento a nosa condea a este comportamento. O 17 de febreiro o vogal do SLG rexistrou unha solicitude de convocatoria urxente do COGAMADS para tratar os puntos pendentes. Solicitamos tamén a intervención da Valedora do Pobo, poñendo no seu coñecemento as preocupantes irregularidades evidenciadas neste órgano de participación social.

Partillamos saberes labregos nas X Xornadas de Granxas Abertas na Comarca da Ulloa



As persoas participantes nas X Xornadas de Granxas Abertas na Ulloa destacaron a utilidade de coñecer de primeira man experiencias das que obter estratexias a aplicar nos seus proxectos produtivos para avanzar na implementación do modelo agroecolóxico.

A mediados de xaneiro desenvolvimos as X Xornadas de Granxas Abertas, desta volta na comarca da Ulloa. Con este modelo formativo, dende o SLG apelamos a unha máxima compartida tamén polo movemento labrego internacional La Vía Campesina -do que facemos parte dende a súa constitución non ano 1993- , apostando polo intercambio directo de coñecementos entre as labregas e labregos.

Partillar xeitos labregos de facer é coidar e preservar a nosa sabedoría nunha cuestión tan esencial e imprescindible para a existencia do ser humano e do planeta como é a produción de alimentos saudábeis, que fortalezan a nosa saúde e sexan obtidos con procedementos que respectan a nosa terra.

Comezamos ás 11 da mañá no concello de Guntín, onde a gandeira Gemma San Pedro partillou as súas experiencias na cría de cabras de raza galega e a venda directa das mesmas, que leva adiante no marco do proxecto "Cabuxa Natur".



Cabuxa Natur, no concello de Guntín.



Granxa A Cernada, en Palas de Rei.

Proseguimos a xornada formativa achegándonos até a "Granxa A Cernada", na Cernada (Palas de Rei) onde, logo de desfrutar dun xantar compartido, a gandeira Ana Corredoira deunos a coñecer as técnicas aplicadas na súa produción de leite ecolóxica baixo o proxecto "Sen Máis", así como as estratexias de venda que están a aplicar para facer chegar directamente o leite ás consumidoras/es.

Seguidamente desprazámonos ata Xermade (Palas de Rei), onde o labrego Daniel López presentou a horta de "Casa de Ribeiras – Produción Ecolóxica", e explicounos o procedemento que emprega para realizar a venda directa dos seus produtos ás consumidoras e consumidores.



Casa de Ribeiras, en Xermade.

Historicamente o ser humano partillou os seus coñecementos e sabedoría para avanzarmos como sociedade, sendo precisamente exemplos paradigmáticos a agricultura e a gandeiría.

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas queremos pór en valor a importancia de desenvolver este tipo de xornadas, nas que toda a información está aplicada a marcos reais de produción e distribución de produtos agroalimentarios.

AXUDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2022

sindicato labrego galego
comisións labregas

AGROAMBIENTE E CLIMA

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas físicas ou xurídicas **titulares dunha granxa inscrita** no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos.
- As granxas beneficiarias deberán recibir o servizo de **asesoramento específico** dunha entidade de aconsellamento.

APICULTURA EN ZLN

Nº COLMEAS

Manter un mínimo de **100 colmeas** en concellos da Galiza designados como zonas de montaña e distribuídas, **polo menos, en** dúas (2) alvarizas, **máximo de** 80 colmeas **por alvariza**.

REXISTRO CADERNO DE GRANXA APICULTURA EN ZLN

1. Datos xerais
2. Identificación colmeas
3. Rexistro tratamentos
4. Rexistro entrada de insumos
5. Rexistro saída de produtos
6. Rexistro de visitas

LOCALIZACIÓN

A distancia entre as alvarizas da **mesma persoa beneficiaria será, polo menos, de** 1 km.
Ao establecer unha distancia mínima entre alvarizas da mesma apicultora maximízase o efecto polinizador das súas abellas.

coordenadas:
(42.928352, -8.764812)

Ademais, para seren primables, as **coordenadas de localización** de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do Rega.



En concellos designados como zonas de montaña

IMPORTE DA AXUDA

- 12,00 € por COLMEA
- MÁXIMO 80 COLMEAS por ALVARIZA
- MÍNIMO 2 ALVARIZAS

DURACIÓN DOS COMPROMISOS:

1 ANO

RAZAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

COMPROMISOS:

1. Dispoñer **de máis de 5 UGM primables** dunha ou varias das razas autóctonas en perigo de extinción.
2. Cando se trate de especies de **ovino, cabrún, equino e/ou bovino**, manter na granxa unha **carga gandeira mínima de 0,7 UGM/ha e máxima de 2 UGM/ha.**
3. **Participar no programa de mellora xenética da raza.**

O compromiso de **razas autóctonas** en perigo de extinción é compatibel coas axudas á agricultura ecolóxica

IMPORTE DA AXUDA

- **175,00 €/UGM PRIMABLE.**
- Serán primables as UGM INSCRITAS NOS LIBROS XENEALÓXICOS DAS RAZAS

ESPECIES:

Especies bovino: **Cachena, caldelá, frieiresa, limiá e vianesa.**
Ovino: **Galega.**
Cabrún: **Galega.**
Equino: **Cabalo de pura raza galega.**
Porcino: **Celta.**
Aves: **Galiña de Mos.**

AXUDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2022

XESTIÓN SUSTENTÁBEL DE PASTOS

COMPROMISOS:

1. Dispoñer dun mínimo de 10 ha de superficie forraxeira indemnizábel.
2. Manter unha carga gandeira mínima de 0.7 UGM/ha e non superior a 2 UGM/ha.
3. Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores do 10 %, excepto para establecer pasteiros ou rexenerar o pasto.
4. A superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de cinco (5) anos) será menor ou igual ao 20 % da superficie forraxeira da granxa.
5. O pastoreo ocupará, polo menos, o 70 % da superficie de prados e pastos permanentes da granxa.
6. Manter actualizado un caderno d< granxa co rexistro das actuacións de pastoreo.



REXISTRO CADERNO DE ACTUACIONS DE PASTOREO

1. Datos xerais
2. Identificación de parcelas
3. Rexistro diario de pastoreo
4. Resumo anual de pastoreo
5. Rexistro de visitas

IMPORTE DA AXUDA

- 120 €/ha de superficie indemnizábel
- 36 €/ha, para os pastos arbustivos e pastos con arboredo

DURACIÓN DOS COMPROMISOS

1 ANO

EXTENSIFICACIÓN DE VACÚN DE LEITE

COMPROMISOS:

1. Dispoñer dun mínimo de 10 **ha de superficie forraxeira** indemnizable.
2. Manter unha carga gandeira mínima de 0,7 UGM/ha e non superior a 2 UGM/ha.
3. Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores do 10 %, excepto para establecer pasteiros ou rexenerar o pasto.
4. As UGM correspondentes aos animais de máis de 12 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente leiteira deberán ser, polo menos, o 70 % do total de UGM da granxa.
5. **A superficie de millo** e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de cinco (5) anos) será menor ou igual ao 25 % da superficie forraxeira da granxa (excluíndo o pasto arbustivo e o pasto con arboredo).
6. **O pastoreo ocupará polo menos o 50 % da superficie de prados** (temporais e permanentes) da granxa.



IMPORTE DA AXUDA

- 170,00 €/ ha de superficie indemnizáne

DURACIÓN DOS COMPROMISOS 1 ANO

REXISTRO CADERNO DE ACTUACIONS DE PASTOREO

1. Datos xerais
2. Identificación de parcelas
3. Rexistro diario de pastoreo
4. Resumo anual de pastoreo
5. Rexistro de visitas

AXUDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2022

sindicato labrego galego
comisións labregas

AGRICULTURA ECOLÓXICA

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Poderán ser persoas beneficiarias desta axuda persoas físicas ou xurídicas titulares dunha granxa inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos.
- Só se poderán beneficiar desta axuda as persoas agricultoras das cales todas as unidades de produccion (superficies e colmeas) da sua granxa **INSCRITAS** nos rexistros de operadores de agricultura ecolóxica se encontren en **CONVERSIÓN** e este **FINALICE** a partir do **1 de XULLO**, incluído, do ano da solicitude de pagamento.

As granxas beneficiarias deberán recibir o servizo de asesoramento específico dunha entidade de aconsellamento.

COMPROMISOS:



1. Empregar técnicas de producción ecolóxica establecidas no **Regulamento (UE) 2018/848** .
2. Estar inscrita no correspondente **rexistro de operadores** de agricultura ecolóxica.
3. Obter a **certificación da produción agraria como ecolóxica** de acordo co Regulamento (UE) nº2018/848.
4. Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso. A redución da superficie cuberta **nunca poderá exceder o 10%** da superficie.
5. Manter actualizado o **caderno da granxa** exixido en agricultura ecolóxica.

Os compromisos aplicaranse a parcelas fixas

REXISTRO CADERNO DE ACTUACIONS DE AGRICULTURA ECOLÓXICA



1. Datos xerais
2. Identificación de parcelas
3. Calendario accións de cultivo
4. Rexistro entrada de insumos
5. Rexistro saída de insumos
6. Rexistro de visita

DURACIÓN DOS COMPROMISOS da axuda 1 ANO

Non serán indemnizables as superficies de uso en común e as superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do RD 1075/2014.

DURACIÓN DOS COMPROMISOS EN CONVERSIÓN 2 ANOS

IMPORTE DA AXUDA

	CONVERSIÓN	MANTEMENTO
Cultivos herbáceos:	245 €/ ha de SI	213 €/ ha de SI
Froiteiras (pebida e óso):	385 €/ ha de SI	335 €/ ha de SI
Outras froiteiras (castiñeiro, etc.):	165 €/ ha de SI	143 €/ ha de SI
Hortícolas aire libre:	469 €/ ha de SI	408 €/ ha de SI
Hortículas baixo plástico:	600 €/ ha de SI	560 €/ ha de SI
Viñedo para vinificación:	897 €/ ha de SI	780 €/ ha de SI

AXUDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2022

GANDARÍA ECOLÓXICA

Considéranse **indemnizábeis** as superficies **situadas no concello da granxa ou limítrofes** cos seguintes importes por grupo de cultivo:

IMPORTE DA AXUDA

CONVERSIÓN	MANTEMENTO
Prados e cultivos forraxeiros: 331 €/ ha	288 €/ ha
Pastos arbustivos e arboredos: 99 €/ ha	86 €/ ha

DURACIÓN DOS COMPROMISOS EN CONVERSIÓN 2 ANOS

REXISTRO CADERNO DE ACTUACIÓNS DE GANDARÍA ECOLÓXICA

1. Datos xerais
2. Identificación de parcelas
3. Rexistro diario de pastoreo
4. Rexistro anual de pastoreo
5. Calendario accións de cultivo
6. Alimentación
7. Operacións zootécnicas
8. Rexistro entrada de insumos
9. Rexistro saída de insumos
10. Rexistro de visitas

DURACIÓN DOS COMPROMISOS da axuda 1 ANO

APICULTURA ECOLÓXICA

No caso de apicultura ecolóxica, manteranse durante os anos que dura o compromiso as colmeas comprometidas que, como mínimo, serán 80. Se se dispón de varias alvarizas, a distancia entre as alvarizas da mesma persoa beneficiaria será, polo menos, de 1 km.

IMPORTE DA AXUDA

Só se computarán as colmeas localizadas en alvarizas que estean a unha distancia de, polo menos, 1km respecto do resto de alvarizas do mesmo apicultor.

Para seren primables, as coordenadas de localización de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do Rega.

DURACIÓN DOS COMPROMISOS EN CONVERSIÓN 2 ANOS

CONVERSIÓN

Establécese unha axuda de 35€ por colmea en conversión, cun máximo de 80 colmeas por alvariza.

MANTEMENTO

Establécese unha axuda de 30€ por colmea en conversión, cun máximo de 80 colmeas por alvariza.

REXISTRO CADERNO DE ACTUACIÓNS DE APICULTURA ECOLÓXICA

DURACIÓN DOS COMPROMISOS da axuda 1 ANO

1. Datos xerais
2. Identificación de colmeas
3. Rexistro de tratamentos
4. Rexistro entrada de insumos
5. Rexistro saída de produtos
6. Rexistro de visitas

Apoio ás actividades de información e promoción

Axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtoras no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

O prazo remata o 1 de abril.

Desenvolvemento rural

Axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

O prazo remata o 30 de abril.

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero. **Prazo aberto permanentemente.**

Instrumentos forestais

Axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022.

O prazo remata o día 6 de abril.

Bono de alugueiro social

Convócanse para o ano 2022, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social. **O prazo remata o 31 de maio.**

Reposición de animais

Axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades, e se convocan para o ano 2022. **O prazo remata o 30 de novembro.**

Danos causados aos bosques

Axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

O prazo remata o 7 de abril.

Mellora da eficiencia enerxética

Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual.

O prazo remata o 14 de outubro

Axudas vixentes até o 30 de setembro

Adquisición de vivendas nos centros históricos

Contratación e formación na empresa ordinaria

Conciliación de traballadoras autónomas

Actuacións de rehabilitación

Adquisición de vivendas protexidas

Fomento do emprendemento en economía social

Establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-Economía social).

Subvencións para a renovación de electrodomésticos

Subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, e selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

Promoción e consolidación do emprego autónomo

Axudas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGeneration.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Rolos de Silo
-Bañera de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de ordeño SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese
-16 Vacas (preñadas e con becerros).
-Tractor MCCORNIC 145cv.
-Cisterna 8000l, con carga automática , con tander. -Rotoclass 385 picadora, con rotor e malla.
-Arado de 4 regos.
-Rotativa con acondicionador POTINGER de 3,10 de corte.
-Batidor de purín con botella de inclinación.
-Cultivador de 9 dentes Véndese.
-Pala Tenias B3.
-Pesa dianteira para o tractor.
☎606 508 189 (Miguel, Láncara)

Véndese
-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 Novillas frisonas.
☎636 915 510 (José Antonio, Calde).

Véndese
-Silo de millo
-Rulos de silo
-Rulos de herba seca
-Cargador rotativo
-Segadora bcs
-Estendedor e hilerador de herba seca
-1 punto da PAC da rexión 703
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese
-Cargador Marangon de simple eixo.
-TRACTOR EBRO 160 para colección ou repostos.
☎696 818 012

Véndese
-Novillas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese
-Autocargador Campeva de 5 cuchillas (con documentacion)
-Desinsiladora CORVAR con potro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese
-40 rolos de herba seca.
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese
-Vendense novilla preñadas de 3 e 6 meses
☎667 001 553 (Monfero)

Véndese
-Becerros Limousin
☎685 884 257 (Javier, Lugo)

Véndese
-Tractor John Deere 2140
-Autocargador rotativo
-Comedeiro de fóra
-Prensa do queixo
☎628 586 957 e 981 78 88 59 (Antonio)

Véndese
-Viño do país blanco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese
-Tractor Lamborghini 80CV doble tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese
-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese
-Coche Peugeot 106.
☎648 78 82 01 (Oza - Cesuras)

Véndese
-Tubería, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de ordeño.
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado.
Acéptanse Ofertas.
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese
-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva.
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol).

Véndese
-Autocargador Galagri seminovo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese
-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 Km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco).

Véndense
-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado).
☎619 267 520

Vendese
-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 Km.
☎692 979 686

Véndense
-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado.
☎605 908 585

Véndese
-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica.
-Tanque de leite Japy. 1.200 litros, monofásico.
☎690 779 973 (Oroso)

Véndense
-Autocargador Marangón de 13 coitelas.
-Angazo xuntador Kunh.
-Estendedor de silo.
-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Rolos de silo e herba seca.
☎689 552 293 (Guntín)

Véndense
-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Rotativa Pottinger de 3.80 de corte.
-Angazo de 6 campás Kuhn.
-Aboadora 2.000 kg Amazone.
-Aboadora 500 kg (propia para sementeira de herba) marca Vicon.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense
-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado.
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidable e baixo consumo.
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático.
☎981 781 879 / 636 650 908

Véndese
-Leña para biomasa.
☎670 895 789

Véndense
-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560.
☎627 936 604 (En Oroso)

Véndense
-Alpacas pequenas.
☎619 267 520

Véndense
-Plastificadora.
-Rotativa.
-Empacadora.
-Tanque de leite de 1. 000 l.
-Remolque.
-Batedor de xurros. e un
-Circuíto de muxido de catro puntos.
☎669 836 716

Véndese
-Silo de 5.000 Kg dividido. Leva moito tempo parado. O funil ten un anaco podre: 300 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas en perfecto estado: 200 €
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros: 50 €
-Plataforma para coches sen documentación: 700 €
-Rolos de herba seca do ano 2019: 25 €
-Rolos de silo de herba seca do ano 2019: 35 €
-Alpacas de herba seca pequenas do ano 2019: 3 €
-Sala de muxido MIELE de 4 puntos, pulsadores optiplus, bomba de 1.200, medidores de cristal de 33 Kg. Todo en perfecto estado: 4.000 €
-Pataca branca Kenebec, perfecta tanto para fritir como cocer: 0'50 € / kilo.
-Segadora Fella 208. Nova. 5 discos: 4.000 €
En Cambre (A Coruña).
☎667 925 467 (Verónica)

Véndese
-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras.
-Rolos de silo desta campaña.
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio). Chamar a partir das 15:00 h.

Véndese
-Boi de 4 anos, grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndense
-Máquinas de limpar.
-Muíño eléctrico.
No Corgo (Lugo).
☎648 718 864
(Manuel)

Véndese
-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso).
☎659 932 481

Véndense
-Vacas frisoas por peche de explotación. Boa xenética e boa produción.
☎722 763 880

Véndese
-Empacadora Massey Fergusson 124E.
☎629 851 614

Véndese
-Angazo estendedor Pottinger 520.
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Tanque de leite de 650 litros, monofásico para 2 muxidos.
-Calleiros mod. carrete.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo). Por cese de actividade. Preguntar por Xosé.
☎982 320 206 / 686 811 992

OUTROS

Alúgase
Instalacións con palleira e prados (15ha.)
☎606 508 189 (Miguel, Láncara)

Alúgase
-Cuadra (Ordes – Trazo Km. 6, Numide – Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase
-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase
-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanas)

Alúgase
-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente.
☎628 829 199

Regálase
-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎620 262 786 (Pili)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

FOUCE 337
Marzo 2022

Como cada ano, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas estivo presente nas mobilizacións e distintas accións convocadas o pasado 8 de marzo con motivo do Día Internacional da Muller. Chamamos á unidade dos feminismos, a pór en valor a nosa diversidade e a refortalecernos loitando nos espazos comúns. Esiximos o fin da normalización do empobrecemento social masivo como resposta política a medida do capitalismo neoliberal.

8M: Xuntas, fortes, en pé de loita na defensa da Vida

Como reivindicamos durante o noso recente décimo Congreso, é urxente unha viraxe radical que sitúe con claridade a vida das persoas e do planeta no centro das políticas socioeconómicas. As organizacións, os movementos sociais, a cidadanía, levamos décadas alertando a través de todo tipo de mobilizacións, estudos, campañas e un longo etcétera, da violencia estructural do capitalismo neoliberal como sistema económico.

A xustificación da procura dos máximos beneficios como obxectivo final implícita neste modelo realízase a través da destrucción dos dereitos humanos e sociais, e da Natureza.

É vital protexer a nosa saúde, pero o capitalismo neoliberal dificulta o acceso á atención primaria e ás probas diagnósticas, precariza ao persoal médico, pecha centros médicos públicos e desvía diñeiro público para clínicas privadas.

É vital garantir o dereito á alimentación, pero o capitalismo neoliberal desordena e dispersa a produción de alimentos ao longo de todo o planeta, e argumenta calquera tipo de suceso de calado internacional para subir o prezo dos alimentos e ameazar con desabastecementos.

É vital ter servizos públicos, pero o capitalismo neoliberal foinos destruíndo paulatinamente nas zonas rurais, e agora que a poboación se concentra en vilas e cidades, acelera o seu desmantelamento nestas áreas urbanas.



Lectura de manifesto final en Vilalba.

É vital un planeta san, pero o capitalismo neoliberal crea cada vez máis lugares con aire contaminado, auga non potable e terra morta.

O capitalismo neoliberal atenta directamente contra a Vida. Ou el, ou Nós. E nese Nós, cando o capital estrangula a Vida, as mulleres axiña padecemos como afoga. Somos quenes maiormente nos responsabilizamos de todo o que ten que ver cos coidados médicos das persoas achegadas; quenes temos os salarios máis baixos, e as que en maior medida temos xornadas laborais reducidas, ou deixamos de ter traballos remunerados, para poder criar ás nenas e nenos ou atender a quen o precisa; somos inmensa maioría mulleres as que traballamos profesionalmente no eido dos coidados á dependencia; somos nós, as que ao longo de todo o planeta, alimentamos ao mundo pero non temos a propiedade das terras ou non constamos como titulares das explotacións, e habitamos áreas rurais violentadas pola cobiza das depredadoras agroindustrias e industrias enerxéticas.

Ao mesmo tempo, o discurso fascista contra os dereitos das mulleres volta ocupar tribunas políticas, o sesgo machista e patriarcal segue enzoufando a Xustiza e cada ano ducias de asasinos machistas seguen matando mulleres, fillas e fillos no Estado español, milleiros en todo o mundo.

Dende o Sindicato Labrego chamamos á unidade de acción nos feminismos, a pór en valor de novo a fortaleza que nos dá a nosa propia diversidade como característica histórica das nosa estratexia de loita, a facermos fronte como compañeiras, canda a sociedade no seu conxunto, a un sistema que nos ten engaioladas nun escenario de violencia multidimensional que cada vez afasta de máis millóns de persoas o dereito a ter unha vida que mereza a pena ser vivida.



Fin da manifestación en Lalín.



Santiago de Compostela.



Betanzos.